

## OS VERBOS

- Estuda como se conxugan os verbos regulares das tres conxugacións e como se lle chama a cada tempo verbal:
- O copretérito e o pretérito son tempos do pasado.

### A primeira conxugación: *andar*

	Presente	Copretérito	Pretérito	Futuro
EU	ando	andaba	andei	andarei
TI	andas	andabas	andaches	andarás
EL / ELA	anda	andaba	andou	andará
NÓS	andamos	andabamos	andamos	andaremos
VÓS	andades	andabades	andastes	andaredes
ELES / ELAS	andan	andaban	andaron	andarán


### A segunda conxugación: *comer*

	Presente	Copretérito	Pretérito	Futuro
EU	como	comía	comín	comerei
TI	comes	comías	comiches	comerás
EL / ELA	come	comía	comeu	comerá
NÓS	comemos	comiamos	comemos	comeremos
VÓS	comedes	comiades	comestes	comeredes
ELES / ELAS	comen	comían	comeron	comerán

### A terceira conxugación: *vivir*

	Presente	Copretérito	Pretérito	Futuro
EU	vivo	vivía	vivín	vivirei
TI	vives	vivías	viviches	vivirás
EL / ELA	vive	vivía	viviú	vivirá
NÓS	vivimos	viviámos	vivimos	viviremos
VÓS	vivides	viviades	vivistes	viviredes
ELES / ELAS	viven	vivían	viviron	vivirán

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**

O son B pódese representar con **b** ou con **v**. Utilízase **b**:

- Detrás de **m** e diante de **l** e **r** (agás *acivro* e *ávrego*).
- Nas palabras que comezan por **bu-**, **bus-**, **bur-**.
- Nas terminacións **-aba**, **-abas**... do pretérito imperfecto de indicativo dos verbos da primeira conxugación.
- Nas formas dos verbos *absorber*, *beber*, *caber*, *deber*, *haber*, *lamber*, *saber* e *sorber*.
- Nas formas dos verbos acabados en **-bir**, agás *servir*, *vivir* e *vir*.
- En moitas palabras como *abelá*, *automóbil*, *baleiro*, *billa*, *bolboreta*, *marabilla*, *polbo*, *rebentar*, *ribeira*, *sarabia*...

**1** Completa cada palabra coa grafía que representa o son B. Despois, escribe ao lado de cada palabra un verbo da súa familia.

- |                       |                       |
|-----------------------|-----------------------|
| • sa__edoría ► _____  | • de__eres ► _____    |
| • reci__o ► _____     | • escri__ente ► _____ |
| • __e__edoiro ► _____ | • su__ida ► _____     |
| • lam__etada ► _____  | • sor__ete ► _____    |

**2** Expresa esta oración en pretérito imperfecto.

As bolboretas buscan flores para libar.



**3** Escribe a palabra con *b* que corresponde en cada caso.

- Conxunto de persoas que viven nun lugar poboado. ► \_\_\_\_\_
- Froito da abeleira e que ten a casca moi dura. ► \_\_\_\_\_
- Globos de aire que se forman no líquido que ferve. ► \_\_\_\_\_
- Zona de terra que está á beira do río ou do mar. ► \_\_\_\_\_
- Cano con chave polo que sae a auga. ► \_\_\_\_\_

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**Dúas palabras son **sinónimas** cando teñen o mesmo significado ou un moi parecido.**1** Pinta en cada columna a palabra sinónima da primeira.

<b>enorme</b>	<b>preocupado</b>	<b>listo</b>	<b>divertido</b>	<b>comprar</b>
pequeno	quieto	intelixente	aburrido	vender
inmenso	intranquilo	ignorante	entretido	despachar
diminuto	rápido	feliz	triste	mercari

<b>bonito</b>	<b>medo</b>	<b>falar</b>	<b>veloz</b>	<b>paxaro</b>
fermoso	valor	pensar	rápido	parrulo
apagado	tristura	calar	lento	ave
feo	temor	conversar	intenso	animal

**2** Fíxate nas palabras destacadas do texto e copia xuntas as que sexan sinónimas.

Benqueridos pais e nais:

Os **profesores** de varias **disciplinas** do **colexio** Ribeira Nova **preparamos** toda unha serie de excursións e actividades fóra do **centro**. Cremos que estas saídas axudan os alumnos a afondar nas **materias** do curso e a ter experiencias diferentes das da clase. Por iso, pedimos toda a vosa colaboración para levar adiante o programa de actividades que **organizamos** na **escola**.

Atentamente,  
Os **mestres** de Ribeira Nova


1. \_\_\_\_\_
2. \_\_\_\_\_
3. \_\_\_\_\_
4. \_\_\_\_\_

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**

O son B represéntase con **v** nos seguintes casos:

- Nas palabras en que vai detrás de **n**.
- Nas formas dos verbos que teñen o son B e que non levan nin **b** nin **v** no infinitivo (agás as terminacións *-aba*, *-abas*... dos verbos da 1.<sup>a</sup> concuxación).
- Nas formas dos verbos rematados en *-ver* agás *absorber*, *beber*, *caber*, *deber*, *haber*, *lamber*, *saber* e *sorber*.
- Nas formas dos verbos *servir*, *vivir* e *vir*.
- En moitas outras palabras como *avó*, *avogado*, *gravata*, *vermello*, *verniz*...

**1 Escribe a palabra con v que corresponde en cada caso.**

- Seres vivos sen esqueleto interno. ► \_\_\_\_\_
- Que non se pode percibir coa vista. ► \_\_\_\_\_
- Edificio onde viven fraides ou monxes. ► \_\_\_\_\_
- Pedirlle a alguén que acuda a un acto, unha festa, etc. ► \_\_\_\_\_
- Persoa que imaxina e fabrica cousas que antes non existían. ► \_\_\_\_\_

**2 Fíxate nas palabras que escribiches na actividade anterior e explica que regra cumpren.**

- O son B despois de \_\_\_\_\_ escríbese coa letra \_\_\_\_\_.

**3 Completa cada palabra con ver/ber ou con vir/bir, segundo corresponda. Despois, escribe unha oración con cada verbo resultante.**


- CA\_\_\_\_\_ ► \_\_\_\_\_
- FER\_\_\_\_\_ ► \_\_\_\_\_
- ESCRI\_\_\_\_\_ ► \_\_\_\_\_
- SER\_\_\_\_\_ ► \_\_\_\_\_
- REMO\_\_\_\_\_ ► \_\_\_\_\_

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**Dúas palabras son **antónimas** se teñen significados contrarios.**1** Pinta en cada columna a palabra antónima da primeira.

<b>enorme</b>	<b>preocupado</b>	<b>sabio</b>	<b>divertido</b>	<b>iniciar</b>
colosal	inquieto	intelixente	aburrido	principiar
inmenso	tranquilo	ignorante	entretido	integrar
diminuto	rápido	feliz	triste	concluír

<b>bonito</b>	<b>día</b>	<b>falar</b>	<b>veloz</b>	<b>rico</b>
fermoso	xornada	pensar	rápido	pobre
apagado	noite	calar	ligeiro	adiñeirado
feo	xeira	conversar	lento	xeneroso

**2** Fíxate nos debuxos opostos e escribe cada oración co antónimo da palabra destacada.

- O carro está **baleiro**. ► \_\_\_\_\_
- A porta está **pechada**. ► \_\_\_\_\_
- O neno **sorri**. ► \_\_\_\_\_
- Hai **poucos** caramelos. ► \_\_\_\_\_

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**

As **oracións** son grupos de palabras ordenadas que expresan unha idea e conteñen un verbo. As oracións teñen suxeito e predicado.

- O **suxento** é a persoa, animal ou cousa da que se di algo na oración.
- O **predicado** é o que se di na oración acerca do suxeito.

**1** Risca a expresión que non sexa unha oración e explica por que non o é.

Bo día!

Que teñas un bo día!

**2** Ordena as palabras e escribe oracións.

Laura

limón.

de

xeado

un

come

xoga

ben

Carlos

baloncesto.

moi

ao

**3** Inventa e escribe un suxeito ou un predicado onde corresponda.

- \_\_\_\_\_ rega as plantas do balcón.
- \_\_\_\_\_ van ir de excursión á praia.
- Xosé e Marta \_\_\_\_\_.
- O vestido rosa \_\_\_\_\_.

**1**

# Comprendo un correo electrónico

**ENVIAR**

PROGRAMA DE AMPLIACIÓN

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

The screenshot shows a Windows-style email application window. At the top, it says "Querida Clara". Below that is the standard Windows menu bar. Underneath the menu, there's a toolbar with various icons. The main area shows the email details:

Para: CLARA  
Tema: Querida Clara  
De: ester@gmail.com

The body of the email starts with "Querida Clara:" followed by several paragraphs of text in Spanish. The text discusses missing someone named Alemaña, expressing feelings of longing and nostalgia for old times spent together.

Querida Clara:  
Como vai todo por Alemaña? Xa teño ganas de que veñas pasar as vacacións do verán. Non sei se xa cho dixera, porque ás veces cástame expresar os meus sentimentos, pero a verdade é que te aprecio moito e que te estraño a todas as horas. Xa o sabes, es a miña mellor amiga! Lembro cando estabas aquí en Boiro e iamos xuntas ao colexió. Sempre xuntas, cara aquí e cara alá.  
Cando me explicaches que tiñas que marchar a Alemaña por cuestiós de traballo de teu pai, deume moita mágoa. Estiven chorando todo o día, aínda que diante de ti non o fixen. Xa sei que para ti aínda foi más duro. Un país novo, amigos novos, colexió novo...  
Vexo que por escrito me custa menos explicar o que sinto. En definitiva, queríache dicir que te acho en falta e que teño moitas ganas de que chegue xullo e de que veñas de vacacións para volver estar todo o día xuntas.  
Un bico moi forte e deica pronto!  
Ester

**1 Completa coas diferentes partes do correo electrónico.**

- Saúdo
- 

- Corpo do texto coa mensaxe (escribe o principio e o final)
- 
- 
- 

- Despedida
- 

- Sinatura
-

**2** Responde estas preguntas.

- Quen escribe o correo electrónico? \_\_\_\_\_
- Quen o vai recibir? \_\_\_\_\_
- Onde vive agora Clara? \_\_\_\_\_
- Por que tivo que marchar? \_\_\_\_\_

**3** Sinala en que vacacións volverá Clara a Boiro.

- Polas vacacións de Nadal.
- Polas vacacións de Semana Santa.
- Polas vacacións do verán.

**4** Que relación hai entre Clara e Ester? Responde.

- 
- Imaxina un motivo para escribir un correo electrónico a alguén ou escolle un destes.

- Despedirte de alguén.
- Preguntar unha dúbida dos deberes.
- Facer as paces con alguén.
- Falar cun amigo que tes lonxe.

**6** Agora escribe a túa mensaxe de correo electrónico. Lembra as partes que ten.

Para:	
Tema:	
De:	
<hr/> <hr/> <hr/> <hr/> <hr/>	